

## Regulamento executivo 2/23 sobre o procedemento de delegación de voto nas Asembleas Xerais.

De conformidade co establecido nos vixentes Estatutos no seu artigo 31, sobre «*Dereito a voto nas Asembleas Xerais*», na alínea 2, «*Admitirase a delegación de voto, segundo a normativa que se estableza ao respecto. Cada socio presente na Asemblea non poderá aportar, aparte do seu propio, máis de cinco votos delegados*», a Xunta Directiva no seo das súas competencias, desenvolve o procedemento normativo.

### **I.      Ámbito.**

O presente procedemento circunscríbese ás Asembleas Xerais de modalidade presencial sen posibilidade de participación telemática.

### **II.     Procedemento de aplicación.**

A delegación do voto farase mediante documento normalizado (anexo I), e poderá ser mediante sinatura dixital ou mediante rúbrica por escrito.

- a) Cando sexa mediante sinatura dixital esta deberá ser enviada mediante correo electrónico á persoa socia na que se delega o voto e a [secretariatecnica@agefec.org](mailto:secretariatecnica@agefec.org). Esta última notificará ao Secretario da Asemblea os votos delegados mediante sinatura dixital coa aportación dos documentos.
- b) Cando sexa mediante rúbrica por escrito, este documento será presentado ante os órganos de control de asistencia da AGEFEC que darán conta das circunstancias das delegacións de voto ao Secretario da Asemblea.

Santiago de Compostela, a 12 de maio do 2023.

**O Secretario**

**Vº e Prace da Presidenta.**



# AGEFEC

Asociación Galega de Enfermaría  
Familiar e Comunitaria

## ANEXO I: delegación de voto da Asemblea Xeral modalidade presencial sen posibilidade de participación telemática.

Data celebración da Asemblea Xeral \_\_\_\_\_

Eu, \_\_\_\_\_, con DNI \_\_\_\_\_, e correo electrónico \_\_\_\_\_ a efectos de notificación \_\_\_\_\_, socio/a da AGEFEC, ante a imposibilidade de acudir á Asemblea Xeral do \_\_\_\_\_ (data), de conformidade co artigo 31.2 dos presentes Estatutos da Asociación,

### DELEGO O MEU VOTO NA ASEMBLEA XERAL

No seguinte asociado/a da AGEFEC:

Nome e apelidos	
DNI	
Correo electrónico	

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ do 20 \_\_\_\_.

Asinado.